

Guía didáctica

Guía didáctica

A proposta didáctica que xuntamos está dirixida ao alumnado de educación secundaria. As actividades poden ser útiles para a área de sociais, a de ética, as titorías, etc., e tamén para calquera docente interesado no tema. O obxectivo non é cuestionar os Xogos Olímpicos, senón as consecuencias que a distorsión do deporte como negocio-espectáculo pode facer con eles.

AUTORÍA: PROFESORADO DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN DE INTERMÓN OXFAM.

Actividade 1:

Conceptos previos

Obxectivo: facer aparecer as ideas que o alumnado ten do deporte como práctica e como espectáculo.

Orientacións: este exercicio, oral e colectivo, permitirá reflexionar sobre o valor do deporte, así como o contravalor que pode chegar a significar o deporte-espectáculo. Este ano olímpico é un bo momento para motivar o alumnado.

Actividade 2:

O espírito olímpico, xoguemos limpo

Obxectivos: reflexionar sobre o concepto de espírito olímpico e descubrir que a propia dinámica de deporte-espectáculo pode carretar o seu incumprimento.

Orientacións: o exercicio do medalleiro de natación pretende pór de relevo as desigualdades de oportunidades en certos deportes que precisan dun grande investimento, que os países pobres non poden permitirse. A investigación proposta posteriormente confirmará esta idea. A actividade finaliza coa reflexión acerca da dopaxe, tema de interese mediático (poden ser aproveitadas noticias de actualidade). Non se pretende facer unha análise exhaustiva do concepto do deportista (alimentación, adestramentos, etc.) nin consideralo como o único infractor, debe ser comprendido dentro da dinámica do negocio-espectáculo.

Actividade 3:

O negocio do espectáculo: Os patrocinadores

Obxectivo: identificar as empresas de roupa deportiva como un dos beneficiarios do negocio-espectáculo no cal se converteran os Xogos Olímpicos e o deporte profesionalizado en xeral.

Orientacións: destacar que non soamente as empresas de roupa deportiva benefician do espectáculo; deberán terse en conta os medios de comunicación (dereitos de televisións, publicidade, pagamento por visión, etc.). No primeiro exercicio, a información poderá ser encontrada en: http://es.wikipedia.org/wiki/Juegos_Olímpicos_de_Atenas_2004. Para acceder aos países, hai que entrar en: www.olympic.org/uk/organisation/noc/index_uk.asp. Desde aquí, facer clique na zona xeográfica desexada, procurar o país e facer clique na súa Web. Se nos perdemos, as Web propostas (poden ser outras, aínda que moitos países pobres non teñen Web) son: Angola: www.coa-olympang.org. Sudáfrica: www.nocsa.co.za. EE. UU.: www.usolympicteam.com.

Francia: www.comite-olympique.asso.fr. Australia: www.olympics.com.au. Para España, concretamos máis en diferentes deportes, xa que, na realidade, cada federación ten os seus propios patrocinadores ou doadores de material.

En todos os casos, será preciso procurar o seguinte: patrocinadores, socios, consorcios, fornecedores, etc., que, ou están na páxina de inicio, ou nos seus menús. Ás veces, encóntranse por "marketing" ou "tenda" (baloncesto).

Posteriormente, o alumnado deberá establecer a relación cos produtos que habitualmente consume. Unha vez detectadas as marcas de consumo habitual, procederase a investigar o seu lugar de produción (ollando as etiquetas), así como a localización da sede central da empresa (podemos consultar www.transnationale.org). A última actividade permitirá abrir o debate sobre o que hai detrás da roupa e o calzado deportivo.

Actividade 4:

Longius, citius, parvius

Obxectivo: descubrir en qué condicións laborais se confeccionan a roupa e o calzado deportivo e as consecuencias que isto ten para os traballadores e traballadoras deste sector produtivo.

Orientacións: a través da lectura das informacións, detectarase cal é a poboación máis afectada (mulleres e crianzas), así como as zonas de localización no mundo.

A seguinte actividade pode ser realizada en pequenos grupos a partir da análise dos testemuños dos traballadores.

Actividade 5:

E nós, o que podemos facer?

Obxectivos: reflexionar acerca do papel que temos como consumidores e consumidoras. Descubrir e avaliar positivamente a participación en accións colectivas.

Orientacións: a lectura dos testemuños permitirá formular un debate na aula sobre as diferentes posturas, ante participar ou non en accións que promovan mudanzas fronte ás inxustizas do noso mundo. Un exemplo das accións que se poden realizar é participar nas propostas que aparecen nas páxinas web de organizacións como Setem (<http://www.ropalimpia.org/>) e Amnistía Internacional (<http://web.es.amnesty.org/china/index.php?amnistia=documentos>).